

LISTA DE ASISTENTES

Manuel García Sánchez (Coordinador)

Cristina López Bravo (Secretaría)

José Ramón Fernández Bernárdez

Martín Llamas Nistal

Mónica Fernández Barciela

Roberto López Valcarce

M^a Soledad Torres Guijarro

Acta da sesión ordinaria da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC da Universidade de Vigo, **de trinta de setembro de dous mil dezanove**, reunida ás 11:15h, na Sala A010 (acristalada) da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

O luns, día 30 de setembro de 2019, ás 11h15, da comezo a sesión ordinaria de Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida polo catedrático D. Manuel García Sánchez, e actuando como secretaria a profesora Dna. Cristina López Bravo.

A orde do día contén os seguintes puntos:

1. Informe do coordinador.
2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.
3. Admisión de estudantes no programa de doutoramento para o curso 2019/20.
4. Asuntos de trámite.
5. Rogos e preguntas..

Punto 1.- Informe do coordinador.

O coordinador informa sobre os seguintes puntos:

- Solicitouse e xa está creada unha lista de correo para os egresados do programa. O coordinador contactará co alumando egresado para informalos da existencia de esta lista e ofrecerlles a posibilidade de subscribirse. Os obxectivos da lista son dous: informar ós egresados sobre as ofertadas de emprego recibidas; e poder facer o seguimento do grupo segundo marquen os procedementos de calidade.
- Inicia o curso de inglés esta semana cun total de seis alumnos.

Punto 2.- Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbanse, por asentimento, a acta da sesión do 19 de setembro de 2019.

Punto 3.- Admisión de estudantes no programa de doutoramento para o curso 2019/20.

Acórdase denegar a admisión de:

- Hugo Miguel da Silva Moreira
- Ernani Vinicius Damasceno

por non presentar a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos de admisión.

O solicitante Edward Lázaro Campbell Hernández acredita ter cursado unha enxeñaría de duración e contidos similares a titulación de Enxeñaría de Telecomunicación (LRU) impartida na Universidade de Vigo no pasado. Por este motivo, a CAPD aproba a súa admisión no programa de doutoramento DocTIC condicionada a que o alumno supere os requisitos de acceso da Universidade de Vigo.

Apróbase admitir a solicitude do alumno Marcos Troncoso Costas. Se ben o seu TFG e o seu TFM está directamente relacionados coa liña de traballo na que se vai a desenvolver a súa tese, dado que o seu perfil de ingreso é o de Enxeñeiro Industrial, o alumno deberá cursar un total de 15 ECTS en complementos de formación. As materias que debe cursar son:

- Electrónica e fotónica para comunicacións (M145202) - 5 ECTS
- Comunicacións ópticas (M145207) - 5 ECTS
- Deseño de circuitos de microondas e ondas milimétricas e CAD (M145317) - 5 ECTS

O titor deste alumno será Francisco Javier Díaz Otero. E a súa liña a de “Comunicacións ópticas”.

Por último, tamén se aproba admitir ós seguintes alumnos/as, coas liñas e titores/as indicados:

Solicitante	Titor/a	Liña de investigación
Damiano Massella	Francisco Javier Díaz Otero	Comunicacións ópticas
Peter Forde Eoin	Francisco Javier Díaz Otero	Comunicacións ópticas
Ehsan Gholami	Francisco Javier Díaz Otero	Comunicacións ópticas
Zubaria Inayat	Martín Llamas Nistal	Arquitecturas e servizos telemáticos
Andrea Volpini	Francisco Díaz Otero	Comunicacións ópticas

Punto 4. Asuntos de trámite.

Apróbase a solicitude de prórroga presentada fora de prazo do alumno David Santos Domínguez.

Apróbase a solicitude de baixa por tres meses, presentada polo alumno Carlos Egas Acosta, con data de inicio o 25/09/2019.

Apróbase a modificación do título do plan de investigación do alumno Ghofrane El Haj Ahmed.

Apróbase a solicitude de modificación da dedicación do alumno Francisco Javier Rodríguez González a tempo parcial para os cursos 2017/18, 2018/19 e 2019/20.

Punto 5. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

A Secretaria

O Presidente

Cristina López Bravo

Manuel García Sánchez